

MARCHA CONTRA CELULOSAS

sábado 13 de xuño

Saída ás 19:30 das alamedas
de Marín e Pontevedra



POR UN MODELO DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE QUE PERMITA A CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO NA COMARCA

Na ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA non somos alleos á situación de crise económica pola que estamos a atravesar nin á necesidade de evitar a perda de postos de traballo na comarca. Pero esta evidencia, aproveitada interesadamente desde as direccións empresarial e sindical de ENCE-ELNOSA para reivindicar a permanencia do complexo no seu emprazamento actual, non nos pode levar a esquecer que CELULOSAS, lonxe de ser a solución, é parte do problema.

En efecto, non podemos esquecer que:

- O desenvolvemento económico dos concellos da Ría ten que vir da man da explotación racional dos recursos marisqueiros, pesqueiros, forestais e turísticos, un modelo sustentable de desenvolvemento que pode crear máis postos de traballo que os derivados do complexo.
- O complexo industrial de Lourizán é incompatible con este modelo de desenvolvemento.
- O complexo ENCE-ELNOSA representa só o 0.5% do traballo na comarca e ten destruído máis postos de traballo dos que ten creado.
- Ademais, o complexo ENCE-ELNOSA impide a mellora da calidade de vida das persoas da comarca, un dereito ao que non podemos renunciar.

A existencia entre a poboación da comarca dunha ampla maioría social contraria á presenza do complexo industrial CELULOSAS-ELNOSA na Ría, é algo que xa ninguén pon en dúbida e, por primeira vez, todas as forzas políticas din optar pola busca dun emprazamento alternativo.

Neste contexto, a ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA entende máis necesaria que nunca a mobilización social que obrigue ás distintas administracións públicas a afrontaren decididamente o problema, a comprometer o seu esforzo na defensa dos valores naturais e do modelo económico que vimos de subliñar, e a asumir a necesidade de eliminar o complexo ENCE-ELNOSA da nosa Ría con anterioridade ao ano 2018.

PORQUE A RECUPERACIÓN DA RÍA, DA SAÚDE E DOS POSTOS DE TRABALLO NON PODE AGARDAR MÁIS: HOXE MÁIS QUE NUNCA, CELULOSAS-ELNOSA FÓRA DA RÍA!!!

SÁBADO 13 DE XUÑO

MARCHA CONTRA CELULOSAS

SAÍDA ÁS 19:30 DAS ALAMEDAS DE MARÍN E PONTEVEDRA

AO REMATE: POLBADA NA PRAZA DA PEDREI

